


Núm 82

Tomo 7.^o

rós



CATILLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Temas en corazón (poesía), por BOUZA-BREY.

Cancioeiro da agulla, por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

Parábola dos catro mestres canteiros, por FILGUEIRA VALVERDE.

Roteiros liricos - Allariz, por ALVARO DE LAS CASAS.

Da Alemaña, por VICENTE RISCO.

Os homes, os feitos as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII ★ Ourense 15 de Outono do 1930 ★ Núm. 82

TEMAS EN CORAZÓN

Tascadoras do meu liño,
teño o corazón lizgairo
tascaredes amodiño.

Pranxideiras, a carpir;
teño o corazón lizgairo
e pódese me durmir.

Cantadoras, a arrolar;
teño o corazón lizgairo
e adoita a se despertar.

—Acordade o voso brusdo,
que durmindo esté desperto
e desperto ande durmido—

Sementai, sementadores,
no meu corazón lizgairo
ventos de novos amores.

Bule, bule, amor leijado
que o meu corazón lizgairo
fugirache de contado.

Bule, bule, amor perdido...!
Que azo o corazón lizgairo
por prisarche de corrido!

BOUZA-BREY

Agosto-1930



CANCIOEIRO DA AGULLA

ENXERGADO CON DOAS DO POBO

POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR

LIMIAR

Recollo aquí cento e unha canticas populares de xastres e costureiras: 64 corresponden as costureiras, 31 ós xastres e 6 a entramos. Seguramente andan moitas mais de boca en boca, pero acaroar este asunto non é cousa de unha vez, como non-o é nos milenta os asuntos semellantes.

Inda con sere tan cativo, o presente Cancioeiro dá mostras de todal-as cras de cantos usados pol-o pobo: copras, cantares, triadas e muñeiras. As veces as parolas costureiras e xastres veñen arronsadas pol-a rima; as veces apricaselle unha cantiga nascida pra outro argumento. Algunhas aparecen tecidas con versos alleos, quero decir, con versos correspondentes a outras canticas, cousa adotada pol-a musa aldeán. Nosos cantadores desartellan as copras segun lles peta e logo enxergan versos de aquí e de acolá para componer un cantar novo. Favorece semellante traballo a disposición bimembre de moitos cantos populares, onde os dous primeiros versos gardan certa independencia dos derradeiros.

No pé de cada copra poño as variantes que me son conocidas e os lugares onde se ato-

paron. Estes son; primeiramente, o pobo mesmo en longas esculcas por diversas campás durante muitos anos; despois as colleitas seguintes:

- BRAGA, Parnaso portuguez moderno; *Lisboa, 1877; 4.^o (Parte III. Os Lyricos gallegos)*
- Folk-Lore gallego (Biblioteca de las trad. pop. españolas, *tomo IV*) *Sevilla, 1884; 8.^o*
- VALLADARES, Diccionario gallego-castellano; *Santiago 1884; 4.^o*
- PÉREZ BALLESTEROS, Cancionero popular gallego; *Madrid, 1886; 3 tomos en 8.^o*
- SACO Y ARCE, Literatura popular de Galicia (Bol. de la Comis. prov. de mon. de Orense, *tomo IV*) *1910 y siguientes.*
- Cantares populares de Galicia. (Bol. de la R. Acad. Gallega; *núm. 40*) *1910 y siguientes.*
- NORIEGA VARELA, Como falan os brañegos; *A Cruña, Nós 1928; 8.^o*
Das 101 canticas de este librínho teño por inéditas 18, pol-o menos non están nas colleitas avanditas.
- Como queira que o Cancioneiro popular é un verdadeiro piago que de cote está arre-

crescendo, coido profitosos estos apurrimentos por cras ou por bisbarras, xa que o arreca-damento de todo él fáise laboura mui rexa, imposible a un home soy.

* * *

Xastres e costureiras son tipos enteresantes da vida campesiña cotidián e enteresantísimos na artística e social. Amos representan a espiritualidade da campía, onde o fallo trunfan, dígan o que queiran os cantares, elas pol-o inxeño; elas pol-a gracia.

Unhos e outras atiran a imaxinación do pobo que sobre eles se exercita de cotío, cuasi sempre en trouxo ou burra. Hai noutras países, Alemaña, poño por caso, gran literatura folklorica en col de entramos oficios, do de xastre en especial. A visibre afroancia gallega contrasta co-a probeza de outras rexós da Península. O Cancioneiro popular portugués, publicado por Braga (Lisboa, 1911; 2 tomos en 4.º) non contén cantares de esta cras. En Andalucía corren algunos de xastres e menos de costureiras, o revés de aquí (LAFUENTE ALCÁNTARA, Cancionero popular; Madrid, 1865; 2 tomos en 8.º); agora que o espírito ven a ser o mesmo pois de unhos e de outras rexouban por alá tamén.

Examinando o presente Cancioneiro hachamos que a primeira calidade que o peixeiro ve nas costureiras é a sua fermosura; de 64 cántigas, 20 chámillas bonitas, señoritas, doadas, roxiñas, etc. Logo marca ben—demasiado ben sin dúbida—a sua facilidade en resibír amorios (14 cantares), de sere «amiguínas dos mozos como as abellas da mel» (núm. 8); o seu vivir fidalgo (7 copras) e seus melindros e mixiriques (6). Tres ou catro cántigas as notan de folgazanas, en troques de unha que as gaba por traballar (núm. 1) duas de cantadoras e tres de festiras, outra de mermurantes e unha soya de ladras (núm. 43).

Encol dos xastres aprendemos que a tacha

mais destacada e a de ladróns (5 cántigas), logo as de villes e mozeiros (4 cantares por cada) despois as de cobardes (3 copras), larepeiros, folgazás, sabidos—con 2 cantares por cada nota—e un pra os de fraxos, arteiros, faladores e sarnosos (núm. 45).

Comparando agora unhas e outras castes de copras, vemos como, o revés de outros países, abundan muito mais as cántigas de costureiras (64 × 101) quizaves por sere compostas por elas mesmas.

Según é de supoñer, xastres e costureiras acaen en bastantes calidades, no sentir do Cancioneiro: amos valen pouco, amos son folgazás, fraxos, lareteiros, sabidos e demasia-do penzos os amorios.

Outro enterés muñ grande teñen estes tipos: o de difusores do pensamento popular. O seu oficio, que permite falar no traballo, dálles tergo e relanzo pra escutar e contar adumia e como andan de casa en casa, veñen a sere importantísimos conservadores e transmisores da literatura folklórica. Por eso saben sempre moitos contos, lendas, refrans, cántigas, adiviñas e tradicíos, sendo de veilos muí estimados pra distraer as noites de invernia.

Con todo, en razón dos seus mesmos oficios que son caseiros e non piden esforzo, por vivire desviados do trasiego da eira e do eiro, pol-o ben que se lles dá a folganza; pol-a sua inclinación a aseñoritarse e pol-as manás que empregan ou lles supoñen, son moralmente desdenados da peisanaxe, inda que reconñezan a comenencia de costureiras e alfayates. O certo é que, ou por mangas ou por faldras, toda esta ralea val mui pouco, según o Cancioneiro: nun real vénese xastre, costureira e trebellos de coser (núm. 75).

Muita semellanza de oficio e caráuter hai entre xastres e costureiras e muita mais lles asina o pobo en contos e cántigas; emporexo, costureiras e xastres non xíñzan, —ícraro —quién é teu nemigo—Adiante está un cantar (núm. 74) que supoñe vintecinco xastres rapando unha costureira.

O xastre resulta de muito interese pro-labrego escitando a sua curiosidade e así corren tantos contos deles, non pouco curiosos.

As bulras do alfayate fánse en muitos sitios: Bretaña, Gales, Escocia, Irlanda, todos países de alcuña celta como Galicia. En Alemania teñen tamén rica literatura popular xa na Edá Media. Prumas esgrevias escriben deles entre nós, tales que Lamas Carvajal, Picadillo, Rodríguez López, Vicente Risco e outros.

No folclor galego, o xastre aparece matriquileiro e medrán. Amostra sempre algo de femenino, segun compre a sua labor de agullas e de tesoura. Son como medias entre home e muller, dándoselles, en xeneral, mui pouco aprecio.

Conoscín unha vella que o perguntarille que era seu home, respondéume:

—Xastre, señor, con perdón de vostede.

O mesmo pares que se di (sauf votre respect) na Bretaña.

Esta pouca estimanza do xastre ven declarada no dito «sete xastres fan un home» que recollen os cantares, núms. 78 e 79 e ainda se engade que esto é así nos anos de pan barato, pois nos de pan caro «o xastre perde mais das duas terceiras partes do seu valor» (núm. 79). Semellante causa dáse na Bretaña solo que ali son nove os xastres precisos pro-equilibrio.

A todo hai quen gane, hasta a refugallo. Con non seren homes os xastres (núm. 47), pior serán os peneireiros: «ainda que fose xastre; pero peneireiro, inon!» (núm. 86), di unha malnamorada do Cancioeiro.

«Os xastres—escribe Risco (Nós, núm. 29)—aparecen no folclor galego coma mui villos e agudos, o mesmo nos ditos que nos feitos, dispostos sempre a faguer buíra da xente, a meterlle pegotas, a quedarse ires por riba pol-a forza do inxenio, mañosos e dispostos para todo. Xa que non teñen for-

za pra turrar pol-a aixada, nin valentía pra lle faguer cara a un home, teñen, en troques discurso e agudeza, coma compensación, se cadra. Délle son as pilladas, as retesías, as copras picantes, etc.»

Velaiquí unha superioridade moral que os campesiños non estiman, anque a teman, como non estiman, pero temen, as arteirías do volpe. O trunfo do inxeño sobre da forza, pol-o cal os xastres arellan a xente aproveitando na sua comenencia os intereses dos homes e a vanidade das mulleres.

Así aqueles alfayates que tallaron o manto al Rei no sustancioso conto de D. Xan Manuel (conde Lucanor, ejem. 32); así o vice-xastre de que fala Picadillo (Mi historia política, 37) que lles tiña armada unha pantera as mozas—«ay que caray!»—o-o gallo dos xustilos.

As canticas do pobo aldraxan os xastres podéndose tomar por remenescencia da Edade Media cando eran universalmente tidos en desprecio. Pensa Hersat de Villemarqué que deste xeito se amostra o desdén das razas guerreiras pol-o oficio mulleril e vida sedentaria dos xastres.

E tan mulleril, non somentes pol-a maneira de traballar sinón tamén pol-o mesmo traballo: os xastres de aldea fan vestidos de home e vestimentas de muller. Tal pasaba antronte en todas partes; os vellos libros de xastrería—todos mui raros—trán réguas e patróns pra cortar mantos, basquiñas, toucas e mais paxelos femeninos.

Das cras de alfayates fala o Cego de Ourense decindo:

«Non eran da caste do de Valiñas que cosía de valde e puña a maiores as liñas, nin tampouco dos remendóns que andaban a secas botándolle unhas palas ós calzós dos veciños; eran xastres de lembradía que o mesmo facían traxes de homes que de mulleres, e tan feitos e dereitos saian das suas mans unha chaqueta, un chaleque y-un calzón de rizo que unha muradana y-un dengue» (LAMAS CAR-

VAJAL, As mulleres de Calvelo; *Galicia Moderna*, núm. 8)

E Rodriguez López así se esprica: (A malla; *Gallegadas*, 43)

«El é un xastre que en toda a redonda ten moito traballo.

e que dín que as meniñas engaña por arte do diaño.

Non hai outro que teña mais gracia, nin mais avispedo pra ter sempre contos que veñen o caso nin que faga vestidos e dengues mais riberetados»

Pol-o que toca a esto das rapazas habería moito que decir.

Estránanse os mozos dos trunfos dos alfayates. Eles soen sere desgalichados, probes caseiros, mariquitas, e con eso... Debe haber «arte do diaño». Non se decatan que a falta da briante virilidade dos xastres está contrabalanceada pol-a píbelas enlabiaduras que tan poucas mulleres resisten—Motivo de envexa pr-as nugallóns desafortunadas que pensan que todo ha de ser a paus—Empero, as nenas caen por engado e cando pasa, repúnanos a causa da mesma falla de masculinidade.

De outra parte, creo de min, que será como no muíño: mais o ruxir que a auga. Pol-o menos os xastres das cántigas, conténtanse con aproveitar as ocasións que lles guindan seu oficio no aquel de tomar medidas pra dengues e muradanas. (núm. 68 e 84).

A parte de estas cousas de sicología sexual, as tachas mais craras dos xastres son tres: cobardes, larpeiros e ladrós.

De froxos andan abondo enzoufados. Nas mallas fan cativa figura (núm. 4); entre sete non chegan a un home, o dobre compoñen un testigo e vintecinco fan falla par firmar un papel (núm. 78); témenlle a unha ran (núm. 101); fuxen de un rato (núm. 6) e, como as costureiras, precisan xuntarse vintecinco pra faguer calquera cousa (núms. 58, 74, 78, 88 e 101).

Larpeiros tamén figuran (núms. 24 e 54), anque arranxándose eles mesmos cunha tirola e sendo bos de contentar.

—Ay, comadre!—escoitei a unha vella—le terá por ahí un pouco de sebo pra lle fritir un par de ovos ó xastre?

En canto a roubar, mais que ladrós serán enfomadores ou rateiros; rateiros do pano (núms. 10, 52, 71, 73 e 80).

—Asús, qué demo de sono!—dice un xastre a sua muller, despreguizándose.

—E logo?

—Coidei que chegaba as portas do ceo e que San Pedro me amostraba unha grandísima bandeira de moitísimos cores, feita cos retallos de pano que levo agachados na miña vida.

—Xa ves. Hai sonos que son ensinos e compre deporcatarse.

Puxérone a traballar nun mantelo de terciopelo, mais a tesoura do xastre—pol-o costume—tallaba de arrodeo, como quen mal atra.

—Relémbrate do sono, Xacobe—lle dixo sua dona.

—Ca'a, muller, que de esta cor non había ningún mendinho.

* * *

Simpática figura a costureira aldeán, que na miña terra chaman «señoritas de media tiseira». Elas, na sinxelaza da campia, son a rayola de arte e de elegancia que ilumina as carballeiras.

«Costureiras repinicadas, de esas que teñen moita fantasía de agulla, que conocen os novelos de fio negro pol-a fiaza e que saben enredar a madeixa n-o tocante a parolas de amores; de esas que se gaban de non turrar do sacho nin de luxarse na cocina cos potes; de esas señoriteiras con riberetes de sabidas, que por cortexos escollen os mellores mozos da alcaldía, que teñen a moita honra que as conezan nas festas pol-o dedal

de prata que levan cirimoniosamente na mansa. (LAMAS CARVAJAL, As mulleres de Calvelo; Galicia Moderna, n.º 8).

Mais traballar, tamén traballan no seu oficio. De sol a sol, por un real e a mantenza, que ven a ser de xanta unicamente, pois a parva fánnha nas suas casas e pra cear úsase en muitos sitios darriles un ovo e un codelo que levan ó largare do traballo.

De mozas, arrayan os lugares e recrean as romeirias; de casadas, atenden o gabexo da casa e a crianza dos rapaces; de vellas, percuran polos netos e alegran cos seus cantos esbrugas e fiadas, azudando sempre co xornal mesquño. Celmoso toque de gracia e fermosura no vivir campizán, a costureirinha cosendo á fiestra ou sentada no pendello a turrar pola agulla; levando xentil na cabeza a pequena máquina de beo—mercada a prazos—por carreiros e corredoiras, a manán, madrugueira, no sol abrente, a serán, no sol ponte, en volta serodia que as veces... tarda os inquirios en chegar o sarego.

Certo que hai algunas que traballan bravamente no labramio cando non hai costura; outras que non se recean de botar unha man as faenas mais rejas en casos de apuro; pero as mais son, cal amostran os cantares, mixiriqueiras, festeiras, aseñoritadas, condidiñas e namoradizas.

As mais son das que nin «bachan no campo nin mullan na eira», nin gustan de lavar no río nin apañan toxiños secos» nin ir a herba nin co gando. Por favor van catar unha selliña de auga a fonte ou unha presiña de berzas ó orto. Teñen «mans de señora, mans fidalgueiras» e

*boca de reina
corpo de dama,
comprell'a seda,
foxen da lama.*

(ROSALIA CASTRO, Cantares gallegos, V).

As mais devecen polas foliadas

*y ali con aire
idar cada volta!,
os ollos baixos,
a perna salta.*

Pol-o xeneral son, en efecto, cumpridas beiadoras e por eso di a que non quere escoitar consellos da santa:

*Faláime solo
das muhiñeiras,
de aquelas voltas
revirandeiras.*

Tolean polos mociños e por pardar con eles e por eles se deixan «roubar o dedal da faltriqueira» iE si fora eso sól...

Pero fáctile defensa teñen as suas fraquezas. Elas andan limpas, van zeitosas, están frescas, sin lixo de traballo bruto nin magoa dos intemperos: «ven a chuva e non me molla, ven o sol e non me queima» (n.º 42). Como elas mesmas se fan e refan o seu gusto os vestidos, véñelles axeitados, parescendo decote galanas e fermosas. Sobre esto non hai dúbida: a maoria dos cantares, chámalle bonitas. Craro que non-o son sempre; pero tal figurán por comparación co-as labradoras que nin saben nin se poden traguer tan glaneiras por mor do traballo.

O igual das tecelanas, que tanto semellan, saben contos e cantares, moitas len e escriben correntio e con eso, e sere lerosas e manas, conversan docemente, resultando a sua parola fina, variada e escolleita iQue ten de estrano que os mociños as axexen e as persigan? «A mazán coloradiña todos a queren comer» (n.º 32). Eles, os homes, son os curpabres das suas caídas por que eles lles fan as beiras e arreo lles poñen ichós e visgos. O mesmo pasa co-as modistiñas da vila. Verdá que elas, folgadas e con lecer pra cavar, andarán bastante vieiro, moneando gasalleiras; mais inda sin esto iqué non abranguerá a zeimería namorada peterreando a cotío nestas graciosas cacholiñas?

Por todo, as costureiras son envezadas das outras mozas. Véncennas en fidalgua, en xentileza, en alegancia e, por remate e consecuencia, fiúrtanles festexos e galanciños. De esta senreira dan crara mostra mais de vintecinco cantares do presente Cancioeiro.

Mais, e verdade. Xeneralmente as costureiras parecen «apertadas de cintura e largas de corazón» (núm. 91). Como sempre: a civilidá escorrega á certos achanzamentos.

Bastantes cántigas, de acentuado realismo, nos informan neste particular, algunas hasta brutalmente.

* * *

E calo porque; Dios nos aparte das lingwas de xastres e costureiras!

A. C. V.

CÁNTIGAS

1 A agulliña vai cosendo
ibota por ela dedal!
rematémol-a costura...
para gañar un real.

Traballo, resiliación, pacencia ¡Qué dirán
de esta copra os marmuristas das costureiras?

rematarei a costura

Cambre

O que diga mal de min
ou da miña compañeira,
héille de cortal-a lingua
co-a punta de unha tixeira.

Malpica

4 Agora que ven o tempo
de mallar o pan na eira
lqué parelliña farán
o xastre co-a costureira!

2 A agulliña vai cosendo
e o dedal váina seguindo,
así fan as costureiras
que do amore se van rindo.

Quizaves non serán moitas, según o folklore; con todo, algunha haberá.

así fai a boa nena
que do amor se vai rindo

A Cruña

Non sería mui boa, de seguro; pero, o que
ellos dirán: cada cal no seu oficio.
de botar o grau na eira
isi virades que par fai

Arzúa

5 Amor xastre non-o quero
que non me ten comenencia;
dorme fora moitas noites
y-eu teño pouca pacencia.

3 A quen diga mal de mí
ou de outra costureira,
héille de pical-a lingua
co-a punta desta tixeira.

Esprito de gremio sempre loubabre; pol-o
demais, é de pensar que esta vingadora to-
pase traballo en adunia.

Pero moita franqueza e así da gusto. Fai
parella co núm. 22 referente as costureiras.
Ver tamén os núms. 45, 47 e 56.

Home xastre non-o quero

dorme muitas noites fora
e y-eu non teño pacencia.

Aranga

Ourens

6 Aquel xastriño de bimio,
 aquele xastre esquirrichado,
 anda fuxido no monte,
 anda fuxindo de un rato.

Inédita?

Pouco mais se poderá encumar o medo de
ninguén.

Aquel xastre do Vimio,
aquele xastre encuchipado,
vai fuxindo no monte,
vai fuxindo de aquel rato.

Ribadeo

7 Arriba meu pau de agullas,
 miña caixa de alfileres;
 tes a tixeira na man,
 dálle por onde quixerese.

Raro que non se empreguen aquí as verbas *agulleiro* ou *agulleteiro* e *alfileteiro*, usadas noutros cantares.

Algo semella os núms. 94 e 95.
 a tixeira tes na man

Ourens

8 As costureiras bonitas
 foron feitas o cicel,
 son amiguiñas dos mozos
 como as abellas da mel.

Tal é a chata mais visibre que o folklore
campizán delata nas costureiras.

As costureiras de agora

...
 son amiguiñas dos homes

A Cruña

9 As costureiras de ogano
 todas son mixiriqueiras,
 para pasar os piñares
 van cobertiñas de fenta.

Inédita?

Sátira fina e alegante que semella ó
núm. 25.

As costureiras de agora

.....
levan cubertas de fenta.

Arzúa

10 As tixeiriñas do xastre
 van decindo: Rapa, rapa;
 con este pedazo e outro
 xa facemos unha capa.

Cuasi tradución de unha copra andaluza.
Ver LAFUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero popular*, II, 389.

11 Ben-a vin subír,
 ben-a vin baixar,
 a costureiriña,
 pol-o carballal.

Inédita?

Está composta aproveitando os primeiros versos de outros cantares. Notabre pol-o metro.

12 — Bonitiña costureira,
 onde che vai o dedal?
— Perdino na carballeira
 unha noite de luar.

Inédita?

Fermosa cántiga semellante o núm. 31, pero mais bonita e con maior entención. Ver tamén o núm. 35.

13 Castelo de San Antón,
 estás que morres de risa
 de mirar as costureiras
 con peineta e sin camisa.

Castelo ou forte de San Antón na Cruña.
Cuasi tradución de outra andaluza. Ver LAFUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero popular*, II, 409.

14 — Costureira bonitiña
 onde deixache os melindros?

	—Quedan na hucha pechados para poñer o domingo.	17	Costureira melindrosa, arrechégate a este valo, quéroche contar un conto, o conto do meu cabalo.
	Cántiga famosa e ben-o merece pol-a sua gracia e o axeitado refrexar do ser leroso das costureiras.		Este cabalo debe vir na busca do valo de enriba. Por outra parte, o valo proteutor e sinificativo :
	—Deixoos na hucha gardados para traer os domingos.	A Cruña	Costureira, costureira
	—Deixaos na hucha melindros?	A Cruña	
	—Deixaos na hucha pechados		
	—Costureira melindrosa onde deixal-o melindro?	Ulla	Costureira melindrosa, dáme ese alfiler de prata para quitar unha espiña do corazón, que me mata.
	—Déixoo na arca pechado	Ourense	
	—Deixeinos en cas meu pai na cestiña dos remendos	Ourense	Cántiga famosa. Hai outras semellantes, derivadas dela seguramente.
15	Costureira, costureira, tes as pernas esfoladas de baixar e de sobir denoite pol-as ventanas.		Costureira bonita dáme unha agulla de prata
	Inédita? Sangrento virote contra as cachoíñas da agulla de sobir e de baixar	Arzúa	dáme un alfiler de prata para sacar unha espiña
16	Costureira finiquita si te mágoa o teu dedal o milliño está na leira, a ligoña está no ular.	Arzúa	Costureira melindrosa, dis que non comes touciño, lecomerías un porco enteiro dendel-o rabo ó fouciño!
	Inédita? Sátira fina e inocente re'acionada co núme- ro 20. A verba ular amostra ser inventada en Lugo ou na sua bisbarra. si te mágoa o dedal o millo estásche na leira	Lugo	Sátira contra o popular larpeirismo de xastres e costureiras e ainda de cantos tra- ballan a mantido. Ver o núm. 27. Costureiriña bonita di que non come o touciño, inda come un porco enteiro desde o rabo hastra o fouciño.
			Codeseda
			que non lle gusta o touciño lecome ela un porco enteiro
			Cambados

(Continuaráse)



ARTISTAS ALDEANS

Parábola dos catro mestres canteiros

por WILGUEIRA VALVERDE

VIII—O LABREGO

Na corga onde o río, ourelado de unha sebe de vidueiros e sanguíños, molla as mellorres terras do val, o pazo fronteiro ó «recreo» dos coengos abre as fiestras sobre o macio verdor d'un pomariño vello.

Domingos tornou hai días de Compostela, moi envolto no seu falelo de estudiante, os ollos embazados de miudas verbas latinas, arclando deitarse, ceibe, a ollar a larganza dos agros; trae poucos libros e o degoro de pouxos, ben pechados, na mesiña do cabán.

Pero hoxe topou unha noxenta soedá nas leiras, tornou á casa, e douse a percurar un libro calquera, entre os papés do tío, e veleiqui un pequeno Verxilio que lle vai descubrir que os latines son algo mais que textos gramaticaes, e que unha oración de relativo pode acobillar ledos pensamentos. O rapás sénțase na ventán, co libriño: as verbas teñen ás veces firtida lumiosidá de abrente e lentura de terra labrantía; outras, envoltas en novelos de brétema, son alleas como laxes de picoutos lonxanos. O latin solene das catedras, vestido de crego ou de escolante, trócase agora n'un latin festeiro, adobiado como unha moza labrega, rillote como un rapáz de cego.

De súpeto, na gandra das mitoloxías e dos alaudos, unha baraxenia de neno:
«Incultisque rubens pendebit sentibus uva»

(Lembranzas dos curtos días de xogos, cando ainda andaba co Chisco e co Miguel. No cansancio das seráns longas, cando o suar apega xa a roupa ó corpo e todolos xogos se cortan por pequenas rífas, acarcarse ó peitoril da ponte a babilonear:

—E si agora os carballos deran uvas, e as noceiras mazáns, e as pedras mel...)

Sigue leendo e topa un novo frolecer de tolemias:

«Mala ferant quercus, narciso floreat al-

[nus;

Pinguiacorticibus sudent eletra myricae»

E pecha os ollos a soñar troques en todalas cousas do mundo: nos arbres mesmos do pomar, a se trocar en esteos de pedra; nos centeos mainos, a camiñar como moitedumes; nas pedras vellas do pazo dos coengos, a se trocar en arbres. Esto sí que estaba bunito: que primadeira frolecida de ouriceiros, que outono froitooso de pomos! Olla as fiestras cos membros pendurados, coma polas, de mazás camoesas e de peras urracas; e as lumieiras, tortas, como carballos, cheas de pingas de orballo na follateira; e a espelaina da capela, zoando ós ventos como a trouma d'un piño...

Pol-a porta do pazo dos coengos, rexia ainda na sua lóxica vella, de canteiría dos mazoneiros da Montaña, saeu Don Xosé da Vega e Verdugo, e avanzou polos carreiros, con andar de orador román, sin descompor

o aquel adeprendido nas longas leituras de Quintiliano. Co seu ollar, dilatado pol-as grandes arquitecturas, ven abranguendo toda a paisaxe, e no centro da paisaxe aquela ventaiña en que un estudiante de crego soña, sobre un libro medio pechado. Agora xa de perto a ollada enfia ó libriño que se pecha de todo, á man que se abre distraída, e ó pola d'unha roseira que se creba, e a uns circos que se abren no estanque do xardín, circos amplos e regulares, como as grades d'un anfiteatro. O coengo avanza silandeiro entre as medas da mirta do pomar, dispe o brazo feito pra acenar extremas ós muros da Quintana, saca o libriño da i-auga, abaneao nas máns, e fai que se axeiten as follas, como a lan d'un can recen bañado. Logo berra:

—Ai Domingos, Domingos, que xa estás dormido. Esperta, hom, así andan os libros que te deixou teu tío. Vaites, vaites, se fora o teu pai metíate a canteiro.

E pasou o tempo, e os días envolveron ó Domingos n'unha hestoria moi longa que nin sei nin ten que ver co conto, e deixou os hábitos e meteu-se canteiro, comenzando por ser rapás dos picos, na obra da Catedral. E Don Xosé, o fabriqueiro, protexéuno, e cando chegou a oficial (sido que foi un dos melhores canteiros da nosa terra) nomeouno mestre de todal-as obras de Santiago. E cando chegou a vello, ordeouse, e leeu de novo a Verxilio, e compuxo versos latinos. E foi él, quen fixo medrar sobre o sartego do Apostolo (ergueita como un vido, a frolecer narcisos; Ieda como unha uveira, roxa de pomos; testa como un carballo a deitar laranxas) aquela torre que por garrida chama-se a Berenguela. A que conta como un relós de sol, as horas dos días e o devalar dos tempos sobre as pedras de Compostela, e alvisca o agromar dos pomares antergos, e o frolecer de todal-as torres de Galicia,

porque as suas polas deron pugas pra elas, e pode chamal-as as suas fillas, como a pereira vella do pazo Ilo chama as pereiras noviñas que de ela foran enxertadas.

IX—O FOGUETEIRO

Dende a casiña do fogueteiro (prendida no ourizo cacheiro da montaña) vese agora de lonxe á Berenguela, a medrar ainda, baixo a man do mestre. O fogueteiro, que mestura, como a terra, celmes estranos pra xermolar unha vexetación de coores, ten un fillo a quen lle tiran o latin e mais as letras. Sobre o lombo das terras que ouricela o gateño das urces, o pai e o fillo acérceanse a nova torre; van cara o mosteiro de San Martín, onde quedará o rapás.

Xa marchou o pai, e calou o tanguido dos picos e dos sinos, e o rapás, abafado pol-as pedras da vila, deitouse canso na sua nova cama do mosteiro, entre outros mozos, vellos xa en Compostela. Desvélao un gorgullar de fonte, de unha fonte outa e redonda que espella a soma do seu remate nas vidrazas do tramo.

A i-auga devala renxendo, como as madamas das romaxes, as pingotas remexen o silenco, como os sarelos de fogo da noite do Apostolo. O anaco de ceo que enmarcan os lenzos do claustro vaise tinguir de roxo, de marelo, de verde, con lonxanas bengalas cintilantes. A Compostela cincuenta e molla da que acaba de topar é un pesadelo da noite, e agora, no sono, espertará na sua Compostela, na vila das festas acesa en luminarias e foguetes. Pero olla sempre a moura soma das pedras da fonte sobre os vidros da ventán, e torna a durmir e a soñar c'un gran folión de fogos que nin estrelen nin se apaguen; de montantes que se deteñen a deitar, inmobres, bagullas de ouro; de morteretes que guinden, a suspenderse no ar, bolinhas de prata; de foguetes que pinguen un calado orballo de estrelas, que o ar tépedo fixe no espazo: a gran festa da vila do Apos-

tolo, a froecer no silencio e na quietude da gandra. E torna a abrir os ollos sobre a vidraza que espella as pedras da fonte, e berra.

Ven un lego:

—Que che pasa rapás?

E o mozo contesta entre sonos:

—Quixera facer un foguete que non se apagara, unha roda de fogo que estivera queda e que non parara nunca.

A parbada do rapás brinca de cama en cama, polos tramos dos mozos; rube ó raiar da i-alba as escadeiras dos frades; sae cos que van decir misa en San Payo, e na Catedral.

—A noite houbo moita troula nos novios. O fillo do fogueteiro da Sionila, que entrou onte no convento, dólle por soñar cos foguetes e andaba a berrar que quería facer un que nunca se apagara, unha roda que estivera queda e andivera sempre.

E o mestre dos canteiros da Catedral, que se enterou rindo da baraxenia do rapás, topa un dia ó fogueteiro e lle dí:

—Mira, deixate de contos, o teu rapás sirve tanto pra crego como eu, dalle pol-a pantasia, e soña tolerias. Méteo a canteiro que vai ser millor.

E o mozo, que non adiantaba na carreira, sempre a coidar nos foguetes e na gandra, saiu un dia de San Martín pra traballar no Obradoiro da Catedral ó lado do mestre da Berenguela.

E din que foi ól o mestre que ergueu ó poente esta fachada de fogo que se chama o Obradoiro, acesa sempre n'un lume de benegas; onde os foguetes das torres, e as cóbregas das volutas, e os estrellóns dos remates, arden sin se queimar, deitando sempre ouros e roxos sobre a praza das festas.

X—O CARPINTERO

O pai traballaba nos grandes altares en que Casas e Novoa recollía a lucencia dos foguetes barrocos. O fillo sabía d'abondo que

ricas madeiras encobrían os panos de ouro. Todolos seus paseos pola vila ían prendendo os ollos na fartura de madeira que se fitaba: rexo castiñeiro, ben traballado, nas portas da Catedral; carballo fino das alfardas da casa dos Ulloas, noceira escura dos teitos de Fonseca, tecidos como os lambizos d'unha manta farrapeira.

O mozo chegou a aborrecer o castiñeiro, o carballo e a noceira, e inda os seus soutos de aquecida soma, de tanto escoltar da forza e da vellice das mellores madeiras da vila e comenzou a desinquietalo un degoro de deixar as trenchas e os bedanos pra se meter no saber da medicina. Termaba d'el no oficio o gosto de albanar as madeiras e o pracer de lle levar a contra ó pai e mais ó mestre, dándolle a cada peza non o seu altor, como viña nas trazas, senón aquel que lle petaba.

D'aquela chegou a Santiago Don Diego de Ulloa cargadiño de libros, mercados en todalas tendas do mundo, cos ollos afiados de afondar nas proporcións de cada moimento e no lugar de cada pedra, degoirantes do agarimo das miudas orfebrerías e do vagar das alongadas logias. E visitou o taller, no intré en que o mestre e o carpinteiro rifaban como telos co rapás que teimaba de poñer sobre as columnas d'uns altares uns cabaquiños redondos sin emparrar.

O coengo entrou na discusión e foi escoltado: falou da obra de Juvara e do tratado de Ruggieri e gabou o arte da madeira «como unha orfebrería». E aquí saltou o mozo:

—Unha orfebrería de xentes probes e fachendiscas, que non teñen ouro e poñen unha pelica sobre as madeiras; que Vde. Don Fernando deberá darlle noxo facelo, un bó canteiro metido a andar con estes tablóns que por rexos que sexan logo apodrecen...

O coengo fitou calado a aquel rapás agudo, que se revoltaba contra o seu oficio; mentras Don Fernando Casas lle decía:

—Mira rapás, non foras tan alporizado, nin tan maximativo, i-eu te dixera aquello

que me botou a min un día Don Xoxé Verdugo, un coengo aquí como o Sr. Ulloa, non despreciando, e a quen ti non coñeciches: «Metete a canteiro».

E pasaron algúns días e o novo coengo mandou pol-o fillo do carpinteiro, pra que lle arrombase unhas cousas que trouxera de Roma, e andúvolle falando, mostróulle láminas grandes de fino grabado e libros pequeninos de fonda leitura, e fixoo traballar no Obradoiro, e despoxos de algúns tempo, cando viu que traballaba a pedra como denantes traballara a madeira, e que rifaba cos mestres porque quería poñer todo o rivés do que estaba, metéuno a dirixir obras.

Nas casas que él fixo, a soma da Berenguela fai medrar ouricelos somellantes ós que medran pol-os arbres, nos souts escuros, e emporiso as i-augas non magoan as arrestas duras de pedra que tallou un cincel que fora trencha, e que alisou unha escoda que denantes fora guillame no taller d'un carpinteiro.

XI—O CANTEIRO

Este mestre tivo un fillo (*m'goa d'el, meu probe!*) que adeprendeu o oficio, e dende neño soupo manexar como canteiro a maceta e o pico, i-escoller a boa pedra de gran, non salitrosa, nin pizarrenta, e poñer en cada parte da obra aquela cras que mellor ll'aquecera. E o pai fóralle dando algúns choios e os fixera de boa labra e mellor xeito.

Fixo unha casiña, como non hai outra na nosa terra, crara, limpa e da mellor pedra do Ulló (que a fora buscar ben lonxe) co seu patín e a sua solaina, todo sinxelo e sin arriaveques: pedra encoira onde o sol non xoga con estranas tallas, nin as i-augas caen en fervenzas por grandes retallos; casa quente no inverno e no vran fria, amparada dos

ventos, asocellada á raxeira das seráns do inverno, feita pra domear os hourizontes e pra termar das ventanías, onde cada couxa ten o seu canto e non poidera ter outro pra ser bela.

O mozo coñecía, como os bois, a vida labrega, e como o ferro a pedra de gran. Non era home leido, tiña un amprio gosto pol-as artes dos vedraños e sabía que posto tiña cada un dos seus devanceiros no xogo dos tempos. Pero entre todo o que en Compostela lle falaba da sua artesanía, tiña en agarimo, cal si fora seu, aquel fastial do Paraíso, abafado pol-as novas arquitecturas, aque'a portadiña, ordeada como un dia de traballo, que contaba a creación do mundo e a vida leda dos primeiros pais.

E un día en que tornou á vila veu que os oficiais do taller do seu pai, andaban a desfacer o portal románico pra ergueren unha nova fachada ó gosto novo de Don Ventura Rodríguez. O mozo, ollando guindar as vellas pedras, esterrexeuse de espanto, comenzou a falar sen siso, e fuxiu maldizoando a Compostela, cara as terras outas onde as pedras cabaleiras componen pantasticas arquitecturas.

Din que morreu guindado pol-as estradas, falando sempre d'aquela Porta do Paraíso que desfixeran, a percurar entre os santeiros d'aldeia quen lle soupera poñer o corpo a unha cabeciña que collera no chan da Azaúchería. Dáballe a tolemia por dibuxar estranas figuras nos areaes e na poeira dos camiños, e mantívase das codias que lle daban nas reitorais, onde pedía sempre anacos de papel, pra dibuxar unha nova porta pr'a eirexa do Señor Santiago, unha porta feita con grandes chantos, dispostos como as ceibes penedias.

Ná aldeia onde morreu, o crego puxo sobre a cova a cabeciña románica que o antigo mestre canteiro traguía sempre consigo.



ROTEIROS LIRECOS

A L L A R I Z

por ALVARO DE LAS CASAS

Pra o prof. Hernani Cidade,

Xa estou, como por milagre, fundido no morto silenzo d'esta bela e saudosa irexa do Sant-Yago, no mais vello da vila d'Allariz. Mañanciña tristeira e húmida com'as do San Martiño. Longas soedás nos catro ventos do desexo. Tremelucen nos vidros pingas do neboeiro e nos ollos tilintea o brilo litúrxico da lámpara.

En longas olladas vagariñas vou furoneando entr'estas pedras douradas, cobizoso por atopar o recanto malencónico. Din os contos das vellas qu'eiqui gúrdanse as cinsas de Witiza, rei de moitas terras alá nos tempos dos reises das barbas brancas. Dí unha lenda qu'o corpo do rei foi traguido eiqui por catro doncelas da outa Limia, que despois un embruxo trecou en doncelas pra que endexamais poidesen decir a ninguen onde deixaran os hosos reaes. Pro non hai na eirexa toda, cousa que recorde nin conto nin lenda.

Baten os sinos o tantarulo do meiodia. Os ollos fican presos da meiguería d'este rapáz graníteco que dorme un sono de séculos e os pés postos sobr'un can lebreu; non é tan fermoso como aquele outro da encastelada catedral de Sigüenza, pro teño pra min qu'este anxiño de pedra que esta rente d'ele pregando por sua ánema, chora mais magoado.

Quen será este rapáz? Cuaes foron as suas fazañas? Qué terras correu? Verdade é que ainda mantén o seu nome escrito en longa carteirira, pro eu—loado sexa Deus!—non sei nada d'epigrafia, e mais vale así: por acaso pode sere un patarata do século XVI, e prefiro maxinalo un valente fidalgo do meu seor o rei Don Sebastián.

Vai correndo o tempo. Agora os ollos prén-dense d'esta mañífica santiña do altare da Epístola. Efectivamente seré cousa de Juni? A cabeza é perfeita, inconfundibel a maneira como lle caen as roupas, brillante a políchromia do estofado, cheas d'elegancia as mans...

Saimos á praza de Abaixo onde se ergueu a capela do San Lourenzo e imos logo á praza d'Arriba pra ollar millor o románico d'este ábside purísimo, e botámonos pol-a rúa da Cruz deténconos diante do nobre casal dos Valcárcel, todo caiado á moda dos pazos portugueses.

Pasa D. Ramon Peña.

—Outra vez por estas terras?

E viuse camiño do casino en busca da conversa de Don Manuel, de Don César, de Don Eladio.

Logo rubimos pol-o Portelo pra vere o pa-

zo do Intendente, un pouco con cheiro colonial, e o de Oxca, e tantos outros, todos petruiás e empoleirados. No do Intendente morreu un xuez forrado de ouro que xuntou aos seores da vila en festas cortesáns, de soña en vinte légoas ao redor. Foron tempos! Xa nin recordo d'estas festas queda, e a rúa, perdido o bishiseo das donas enxoaiadas, semella unha corredoira de Calvario entre o viacrucis de tanto recordo: eiqui viveu Don Emilio elí morreu Dona María Luisa, lá casou a filla pequena de Don Payo...

Agora imos ao campo da feira pra repousar unha vez mais diante esta imponente traza do mosteiro das Clarisas. Está como denantes: as enreixadas xanelas pechadas, as tellas a cair, sexas as enredadeiras, e sempre fro'cido de xeráneos roxos o xardincio do seor Vicario, enriba do porche. Con que pracer eu viña de neno todal-as tardiñas a ouvir o latín d'estas freiras desconecidas que fagüian tan ben o almirante de cereixas! Ainda qu'o ronronear das madres zoase com'unha colmea, non era posibel calar aquela limpia voz de sor Sabela, aquela cristiña e ducal sor Sabela a quen todos coñeciamos pol-a voz.

Vou correndo todos estes recantos c'unha emoción fondísima. Eiqui a igrexa de San Esteban, tamen con vellas campas fidalgas e porta d'arquivolta e ábside de canicelos; logo o mercado, solar do nomeado e desaparecido colexio de latinidade que ergueran os Salgados; logo a rúa da cárcere, e a congostra do castelo, rexo castelo erguéito un tempo nos esgrevios roquedos do outeiro. Descemos pol-a Fonteira e imos pol-a rúa do Arroyo—co-a casa anterga dos Feixós—à rúa do Hospital que toma nome do que eiqui figueron os cabaleiros de San Xan de Xerusalén. Magoada, tristeira e virxiliana rúa do Hospital, e-o paredón enramexado de ácios de caiño, e aquela casa, vilega e burocrática, onde rebulia a nena loira das miñas primeiras passeatas.

Vaise pondo o sol; cheira a doce d'améndoas e a coiro en preparo. Non pasa ninguén.

Allariz semella de pirmeira ollada unha cibdade morta, unha d'esas cibdades groricasas que diiron inmortalidade a un século e que morreron sin saber porqué; e, con todo, Allariz non está morto: ficou dormido canso de loitar e comenza a espertar agora, e revólvese nervoso, como si ferido de noxos de modernidade quixese dormirse outra vez. Ficou desvelado. Non-o vedes? Non reparades n'estas pedras que se bambean nos frontis, sin cair d'unha vez? Non reparades n'estas xentes que van pol-a rúa sin camiño certo?

Vimos dar na igrexa de San Pedro; non ten moita cousa que valla e mais érguese tan maxestuosa con sua torre feudal, que semella basílica. Dende lonxe parez un castelo; de perto semella unha d'esas catedrales fronteiras do medioevo. E volta a señardá. Eiqui, rente de min, ainda se mantén en pé o casal dos Gándara, tan amigos, tan meus; fraterna casa sempre aberta sobr'a que cairon as mores infelicidás. E logo o casal de Dona Xesusa. E' posibel ter coñecido a unha muller de liña mais aristocráteca que Dona Xesusa? Ainda me parece que a estou vendo no canapé como unha mañífica grabura isabelina. Agora... todo pasou. Xa nin a sombra de Don Luis ven a cintilar no vagaroso desfío do sol-por.

Despois a rúa do Sul, a de San Lázaro, a de Lobariñas, a de Gándara. Baten Trindades entre lusco e fusco. Que fidalgamente se derrete o sol n'esta centenaria e petrual vilia d'Allariz! Imos ao pazo dos Soutomayor, na rúa d'Arriba, e logo á rúa de Vilanova tamén c'un grande pazo baixo cuia solaina rechouchan luces d'oleo alumando a Virxen da Guía. Rúa de aldeia e de vila, rúa de bairro disposta a maximaciós. Unhas varas mais e xa estamos na capela de Vilanova, envolta pol-o sagrado velo. Tamén eiqui hai canicelos e portas románicas, e campas brasonadas, e carteleiras de nobreza. A carón o río remexe nas ponlas dos amieiros. Non sentides o espírito de Hamlet? Non ouvides a parrafada dos sepultureiros? Non repará-

des na campa de Ofelia? Vai sendo noitinha; logo han campaiñear os sapos; asubia xa o voo dos primeiros mouscos. D'equí a pouco sairá a estadea do corredor. Escoitade: encoméntase a ouvir a predica do vellote cando topa a calivera de Yorik.

Noite pecha; unha espadaña badalea as once; un reloxo de cuco pon seu comentario de consola. Na porta do casino—fundado alá pol-o 54—parolan unhas rapaciñas de boa caste. A obscuridade é tal, que non hai modo de coñocelas. Cual é a Chonchiña de Don Manuel? Cual a Carmiña de Puga? Cual a Luisa Bouzas? Cual a sobriña de Don Alvaro? Volto a vivir os días inolvidabres. O mesmo xemer da auga na fonte da Paneira, o mesmo bater no enlousado das rúas... pasa un neno; rosma unha vella; de lonxe, de moi lonxe, veñen latidos d'un can agoreiro. Un

NOS

gabacho bota seu alalá baixo o arco de Amoeiro. As rapazas vánse; apáganse as luces do casino; a vella fúndese na chavola. A unha...; as duas...

—Imonos deitar.

—Onde é o meson?

—Hai dous: *O Espía e A Groria*.

Vades reparando n'estes nomes todos que Allariz mantén sin medo á bulra d'estes tempos de calcamonia? Xa non ha sere posibel acreditar que andamos pol-o trinta: estamos no 1658, por un supoñer.

Son as catro. As casas están pechadas, o silencio é de morte, e, con todo, a cibidade non durme: reméxese, zóa, latxa, como espabilada. E sinte unha inquietude de poseso.

*Agria melancolia
de la ciudad decrépita;
me habeis llegado al alma
o acaso estabais en el fondo de ella?*

Allariz, 1930

D A L E M A Ñ A

I.—A VIAXE.

(*Proseguimento*)

HENDAYA-PARIS

E chega por fin o istante de deixal-o País Basco. O meu propósito que já non é un propósito, senón un compromiso, arremépúxame car'un oujetivo lonxano e descoñecido. Arestora, en realidade, eu estou literalmente *facturado* pra Berlin, porque fora do meu compromiso con quen me paga; levo un billete direito que, polos cartos que me custou, e principalmente por non ter pra outro, obrigame a chegar a Berlin nun tempo determinado. Ora, isto todo argalleino eu, en usanza da miña libérrima vontade; fun

eu quen s'encadeou a Berlin con grillóns de papel e diñeiro, e agora, por moi fermosa que seña esta terra, por moi interesante que seña a sua fala, por moi accolledora que seña a miña cámara, por moi discreto e amigo que seña o Luis Temes, non hai remedio senón espilirse pr'acomprir fidalmente o programa.

Pol-o tanto, que é o que é millor: ter un fito ou non telo? Eu teño deprendido no *Tao-teking*, qu'aquí que se propón un fito, arrédate por elo mesmo do *sensu* (*tao*), que ven ser atrás do qu'eu quixer andar. Tamén din ali que hai dous camiños pr'abranguelo

senso. O problema resolvese pr'a nosa mente actual, se cadra n-ist'outro: débese un guiar de cote pol-a concencia vigiante, ou ben pol-a inspiración? Sempre teremos qu'originalmente, quen nos apresentou o primeiro fito, ao qual os demais venen subordados foi de cote a inspiración, e quen en cada caso ten qué decidil-o dilema, é ainda a inspiración, os motivos inconscientes. Se cadra, é de cote a inconsciencia luminosa tamén a que guia a apricación da concencia vigiante. Mais de cote tamén fica en pé qu'o que se propón un fito perde a liberdade e ven ser escravo

d'ise fito; pero un home que non ten un fito, que é, que val, pra que sirve? Mais é que compre servir pra algo? E' que compre valer? E' que compre ser?... Ser... Namentres perguntamol-as outras cousas: servir pra algo, valer, é doada a negativa; mais cando se trata de ser, quen é o home que s'estreva a afirmar que non debera ser? Pode ser negada—coma valor—a existencia, non a esenza. E cada home pende na sua estimativa da sua esenza concreta.

(Continuaráse)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

L I B R O S

OS PELOURINHOS PORTUGUESES,
por LUIS CHAVES.

O segundo volume dos Estudos nacionais sob a égide do Instituto de Coimbra, adicase ós pelourinhos portugueses, símbolos, cuaseque sempre artistecos do poder municipal, da xusticia do pobo que un equivocado e cego espírito moderno—igoal que na Hespaña—ás veces negou con intolerancia. O estudo non soilo clasifica, agrupa, precisa, a materia dispersa e intresante sinón qu'a cincue con todal-as relacions—historia, direito, folk'ore—que lle prestan vida, e d'iste xeito fica unha rematada contribución a un aspeuto da arte e da vida pasada, de Portugal. Agardanse con impacencia os futuros volumes d'ista biblioteca. Hoxe sin parexa na Península.

PANCHO DE RABADE, por ALVARO DAS CASAS.

EDICIÓN Alauda dina d'unha tipografía do vello Amiens regostados da quietude bibliográfica á beira das augas tranquilas da Illa de Francia. A obra xa foi gostada, en pequena parte, pol'o público de Nós. Inda ela mantén o brío mozo e lonxano—de raza, de camiño, de ideal a través do desacougo do instante dramático—do anaco publicado. Un-

ha prosa, qu'é verso por dentro como apenas se ten escrito na Galiza. Voz de moitas augas de xeneracións, voz do pobo, sagrada por boca do home neno baixo a tono do vivir traballoso. IPancho de Rábade, quixera recoller aquila canción que á todolos qu'escoitamos a primeira leitura, n'un anoitecer ourensán, nos produxo! Sería o seu único eloxio. Algo chegado á entrana que non se pode poñer en verbas de críticas.

SANTA MARGORI, por CÁNDIDO FERNÁNDEZ MAZAS.

UN dos libros do ano na cultura hespánola. E na nosa tamén. Hai n'il moitas cousas sinaladas polos críticos, mais cecais non se teña fixado aquila rara calidade moral, ó noso parecer, a verdadeira orixinalidade do libro: un helenismo que sofre, que s'abraza á dor misticamente, sin confesarlo cecais, a única interpretación da vella discordia qu'un fino galego moderno poidera donar xenerosamente como fai todo o Fernández Mazas.

CINCOENTA HOMES POR DEZ REAS,
de CASTELAO, Nós A Cruña-1930.

ENQUI os tendes. Cincoenta. Poideran ser mais. Castelao ténos ás dúcias, os centos, il que dibuxa moitedumes. Os densos capidoos das pobres novelas circulan arredor de cada figura dibuxada con crueldade

cheia d'amor. Iste prodígio d'evocación da «Danza da Vida» sólo podía faguelo Castelao. Ill, a cada paso se asegura pra todos —menos pr'algún eriteco de «El Sol»—coma a conceenza vixilante da Galiza. Moitas cousas suxire a nova obra do Castelao. Si é qu'a sítira tén eficacia social non arrincaría d'equiví, d'iste libro, unha estadea de arrepentimentos? Coidamos que xa d'istas horas algúns «homes» teñen mentes de se correxiren. Mais como isas cousas se non confesan publicamente resulta qu'o millor trunfo do libro fica na hestorela calada de cada ún: dian'ta posibre hora da Morte.

EN TORNO E DAS IDEAS COMUNISTAS DE PLATON.

CONFERENCIA pronunciada por Ricardo Carballo Calero no «Centro de culturas» de El Ferrol. Ouxetividade i'a necesaria dosis de paixón eispositiva.

DOS ORIXENS DA POESIA LIRICA EM
PORTUGAL NA IDADE MEDIA,
por M. RODRIGUES LAPA, Lisboa.

COMA nos tempos xenerosos da primeira filoxia románica o autor—ben apreciado por outros traballos—trata o tema emocionado do xurdir da fonte do lirismo portugués c'unha superioridade filla da cencia e do espírito. Unha formidabre erudición que non resulta fadigosa nin académica. Polo contrario axuda a sentir os probremas facéndonos alentar no aer mañanceiro do medio, polo autor valoriza os mais pequenos indicios d'un pasado ainda ben perto das nosas almas e sabe zugar a mel i-o proveito de cada fonte histórica e de cada teoria sabia. Hai no libro unha luz de crítica i-unha luz de re-creación. Pódese dicir qu'empeza dun xeito admirabel a nova historia da lingua e da literatura portuguesa en función da Europa, no tempo inicial en qu'a Europa era unha, sendo viventes todal-as partes d'ela. Vai envolto o probremo xeneral dos orixes da lírica europea e todo o forte volume (350 páxinas) establece que «o fondo visivel da poesía románica, dita popular, é a poesía líturxica». Medio latín, latín novo, de cada terra do Océano. Un libro sabio e vivente que será guia e consello, mestre i-amigo. A

NÓS

Galiza i-os seus modernos estudiosos están tratados con xustiza i-amor. A nosa embora i-ademiración pr'o Sr. Rodrigues Lapa.

R. O. P.

REVISTAS

BIBLOS, Coimbra, Volume VI
Maio e Junho 1930.

SUMARIO: Manuel da Silva Gaia; *João de Deus*.—Guido Batelli: *Les Saudades Paganas di Anthero de Quental e la poesia clásica di G. Carducci*.—Gonçalo de Reparaz Junior: *Mestre Jacome de Malhorca cartógrafo do Infante*.—Vergilio Correia: *Da importancia dos Museus regionais*.—Dr. José M. Rodriguez: *Ainda a dupla rota de Vasco da Gama em os IUSIADAS V. 4-13, e a argumetación do Sr. Almirante Gago Coutinho*.—Amorim Girao: *Esboço duma carta regional de Portugal*.—Mariano Saldanha: *O suti hindu e o centenario da sua abolición*.—Ernesto Donato: *Os reservados da Biblioteca da Universidade de Coimbra*.—P. José dos Santos Mota: *Métrica de Camões*.

O INSTITUTO. Coimbra, 4.ª Serie
Vol. 8, núm. 5.

SUMARIO: Vergilio Correia: *Artes industriais ou aplicadas em Portugal no século XVI-Ouro e Ferro*.—Agostinho da Silva: *A religião grega*.—Alvaro Neves: *Doutor Teófilo Braga musicólogo*.—Saavedra Machado: *Os estudos germânicos em Portugal*.—Sousa de Viterbo: *Subsídio para a Historia da Música em Portugal*.—C. S. Corrêa da Silva: *Ensaios sobre os latinismos dos IUSIADAS*.

BROTERIA, Vol. XI - Fasc. II
Agosto 1930.

SUMARIO: C. Z. Pinto Coelho: *Contradições da lei civil sobre o direito de associação*.—S. S. Tavares: *O salmão no Rio Minho*.—Domingos Mauricio: *Nota Camiliana*.—Francisco Rodriguez: *Poder e Segredo da Associação*.—E. Jambari: *Direito canónico (Respostas da Comissão Pontifícia para a*

Interpretação do Código).—Soares de Azevedo: *Pelo Brasil*.—M. V. *Notas e Factos*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacção*.—*Efemérides*.

Vol. XI. Fasc. III. Setembro de 1930.

SUMARIO: E. Jombari: *A Encíclica sobre S. Agostinho*.—José Agostinho.—As tendências da literatura contemporânea.—C. Z. Pinto Coelho: *As leis contra as Congregações são contra direito*.—L. Chaves: *A rosa na lírica popular*.—Riba Leça: *O home que matou o diabo de Aquilino Ribeiro*.—Revista de Revistas.—Notas bibliográficas.—Obras recebidas na Redacção.—Efemérides.

PORUGALE. Vol. III, núm. 15.

SUMARIO: Mario Beirão: *Antonio Carneiro*, (versos).—Magalhães Lima: *Naturaleza e carácter especulativo e estético do Folclore*.—Ferreira Soares: *Preparativos*.—Pereira da Silva: *Professor Aníbal Bettencourt*.—Pedro Vitorino: *Artistas portuenses*.—Luis Chaves: *O rio Douro*, (excerto).—H. de Campos Ferreira Lima: *Bocage no Arquivo Histórico Militar*.—*Madrugada*, (folha solta) escultura de Antonio de Azevedo.—Pedro Vitorino: *Inéditos e autógrafos*.—*Cartas do Marquês de Sá da Bandeira*.—Julião Machado: *Página humerística*.—Rodrigo de Sá Nogueira: *Subsídios para o estudo das consequências da analogia em Portugal*.—Abel Viana: *Estações Paleolíticas do Alto-Minho*.—Alberto d'Oliveira, Ana de Castro Osorio, Pedro Vitorino, H. de Campos Ferreira Lima, A. Saavedra: *Varia*.—In Memoriam: Aníbal Bettencourt, Alves Cardozo, Costa Mota, Antonio Carneiro e Francisco dos Santos, Frederico Oom.—Bibliografia.—Novidades.—Leiões de Libros.—Res et Verba.

veira, Ana de Castro Osorio, Pedro Vitorino, H. de Campos Ferreira Lima, A. Saavedra: *Varia*.—In Memoriam: Aníbal Bettencourt, Alves Cardozo, Costa Mota, Antonio Carneiro e Francisco dos Santos, Frederico Oom.—Bibliografia.—Novidades.—Leiões de Libros.—Res et Verba.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca
Juliol, 1390.

SUMARIO: *Llus de la llengua propia a Mallorca*.—Ponsi Marqués: *De la llengua literaria*.—Bartomeu Barceló: *Primera Comunió*.—Antoni Pons: *Mateu Obrador Bennásser*, (continuació).—M. Duran: *D'Educació*.—Associació per la Cultura de Mallorca.—Els Llibres.—Reculls de Fora.—Noticiari.

REVISTA DE GUIMARAES. Publicação da Sociedade Martins Sarmento, núm. 12. Janeiro, 1930.

SUMARIO: *Cartas de Martins Sarmento ao Padre Capela*.—Demografia e ensino (conferencia pronunciada na Sociedade Martins Sarmento, por S. A. Pires de Lima).—Th.G.: *S. Gualter de Guimaraes. Ensaio biográfico*.—Alberto V. Braga: *Usos e Costumes, Tradições e Bruxaria nas obras de Camilo Castelo-Branco*.—P. Alberto Gonçalves: *Quatro D. Priores da Colegiada de Sta. María da Oliveira, de Guimaraes*.—Regimento de salários e preços de 1,522.—Conferência.—Boletim.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.
Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

AGUAS DE
MONDARIZ
Fuentes de Gándara y Troncoso
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueras,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os trés.



Estas augas, de sóna universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenças do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurasteria

Riquísima auga de mesa

— gaseada naturalmente —

Mondariz-Baneario, áchase á de 35 Km. Vigo